

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*RESOLUCIÓN do 16 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a relación de escolas de arte e superiores de deseño autorizadas para impartir ciclos formativos plurilingües (PluriArt), así como os ciclos formativos autorizados, para o curso 2023/24.*

Mediante a Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (PluriArt) para o curso 2023/24 (DOG do 19 de xuño), regulouse o desenvolvemento de ciclos formativos plurilingües nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e estableceuse a convocatoria para as escolas de arte e superiores de deseño que desexen impartir estes ciclos plurilingües no curso 2023/24.

O punto décimo terceiro da antedita Resolución do 6 de xuño de 2023 establece que a directora xeral de Formación Profesional ditará unha resolución que conterá a relación de escolas de arte e superiores de deseño e ciclos autorizados, e que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

En virtude do exposto anteriormente,

#### RESOLVO:

Primeiro. Publicar a relación de escolas de arte e superiores de deseño autorizadas para impartir ciclos formativos plurilingües (PluriArt) no curso 2023/24, así como os ciclos formativos autorizados.

Segundo. Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 16 de agosto de 2023

María Eugenia Pérez Fernández  
Directora xeral de Formación Profesional



**ANEXO****Escolas de arte e superiores de deseño autorizadas para impartir ciclos formativos plurilingües (PluriArt) no curso 2023/24 e ciclos formativos autorizados**

Código	Escola de arte e superior de deseño	Ciclo	Idioma
27006589	EASD Ramón Falcón	Fotografía (ciclo formativo de grao superior)	Inglés
		Serigrafía Artística (ciclo formativo de grao medio)	Inglés

